

ORDENANZA NÚM. 402

PREZOS PÚBLICOS POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS E PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CENTRO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN - CENTRO DE SERVIZOS TECNOLÓXICOS (CEI-NODUS).

ARTIGO 1º. CONCEPTO E OBXECTO

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, este Concello establece o prezo público pola utilización das instalacíóns e prestación de servizos do Centro de Empresas e Innovación - Centro de Servizos Tecnolóxicos (CEI-NODUS).

ARTIGO 2º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO

Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza quen se beneficie dos servizos prestados por este Concello a que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 3º. CONTÍA.

1.- As tarifas mensuais que deberán aboar os titulares de autorizacións administrativas pola utilización de locais (despachos, obradoiros ou laboratorios) do CEI-NODUS, previo depósito dunha fianza de 600 €, serán as seguintes:

LOCAIS	TARIFAS			
	1º ano	2º ano	3º ano	4º ano
Despachos	1,21 €/m ²	2,43 €/m ²	3,64 €/m ²	4,85 €/m ²
Obradoiros e Laboratorios	0,78 €/m ²	1,56 €/m ²	2,33 €/m ²	3,11 €/m ²

2.- Pola utilización de Salas e outros espazos comúns do CEI-NODUS:

SALAS COMUNS	TARIFAS	
	Diaria	Cesión mínima
Salas de Xuntas	51,10 €/día	8,20 €/hora
Salón de Actos	204,40 €/día	32,70 €/hora
Aula de Formación	102,20 €/día	16,35 €/hora
Aula TIC	122,65 €/día	20,45 €/hora
Sala Multimedia	204,40 €/día	32,70 €/hora
Sala de Demostracións Tecnolóxicas	122,65 €/día	15,35 €/hora
Sala de Videoconferencias	122,65 €/día	15,35 €/hora

3.- Polos servizos de reprografía e fax:

SERVIZOS	DESCRICIÓN	TARIFAS
Fotocopias/ Impresións	A4 en branco e negro	0,03 €
	A4 en cor	0,20 €
	A3 en branco e negro	0,06 €
	A3 en cor	0,36 €
Fax	Cada páxina	0,15 €
Escáner	Cada páxina	0,15 €
Material de encuadernación	2 cubertas e 1 canutillo	0,60 €

4.- Pola cesión de equipamento informático, audiovisual e multimedia:

SERVIZOS	TARIFAS	
	Diaria	Cesión mínima
Equipo reproductor-grabador DVD	10,20 €/día	2,05 €/hora
Equipo de vídeo	10,20 €/día	2,05 €/hora
Equipo de TV	10,20 €/día	2,05 €/hora
Proxeitor vídeo	20,45 €/día	4,10 €/hora
Pantalla de proxección	10,20 €/día	2,05 €/ hora
Ordenador portátil	20,45 €/día	4,10 €/ hora
Visor de documentos	15,35 €/día	3,05 €/ hora
Teclado e rato sen fíos	13,30 €/día	2,55 €/ hora
Punteiro láser	6,15 €/día	1,00 €/ hora
Equipo de audioconferencia	20,45 €/día	4,10 €/ hora
Escáner	13,30 €/día	2,55 €/ hora
Impresora láser	10,20 €/día + 0,05 € copia	2,05 €/hora + 0,05 € copia

5.- Polos servizos de telecomunicacións:

SERVIZOS	Tarifa simple	Conexión simple	Tarifa múltiple (4)	Conexión múltiple (4)
Audioconferencia con España	10,20 €/hora		20,45 €/hora	
Audioconferencia coa U.E.	30,65 €/hora		40,90 €/hora	
Audioconferencia resto do mundo	51,10 €/hora		71,55 €/hora	

6.- Os beneficiarios do servizo de domiciliación de empresas deberán satisfacer un prezo público que queda fixada na contía mensual de 15,35 €.

7.- En canto á subministración de gas, os titulares das autorizacións deberán aboar as cantidades que lles correspondan en función dos metros cadrados do módulo obxecto de autorización, en concepto de participación nos gastos derivados

do mantemento do sistema de calefacción. Para a súa exacción teranse en conta as seguintes tarifas:

LOCAL	TARIFA
Despacho de 32 m ²	12,25 €/mes
Despacho de 64 m ²	24,55 €/mes
Taller de 50 m ²	19,40 €/mes
Taller de 63 m ²	23,50 €/mes
Taller de 94 m ²	35,75 €/mes
Taller de 105 m ²	39,85 €/mes
Taller de 156 m ²	59,30 €/mes
Laboratorio de 63 m ²	23,50 €/mes
Laboratorio de 105 m ²	39,85 €/mes

8.- En concepto de limpeza, os titulares das autorizacións deberán aboar as cantidades que lles correspondan en función dos metros cadrados do módulo obxecto de autorización. Para a súa exacción teranse en conta as seguintes tarifas, considerando que se trata de custos mensuais mínimos obligatorios por unha hora de limpeza ó mes, sen prexuízo de que os titulares das autorizacións poidan contratar máis horas de limpeza, neste caso aplicarase a cantidade proporcional en función do tempo de limpeza contratado.

LOCAL	TARIFA
Despacho de 32 m ²	11,25 €/mes
Despacho de 64 m ²	21,45 €/mes
Taller de 50 m ²	17,35 €/mes
Taller de 63 m ²	21,45 €/mes
Taller de 94 m ²	31,70 €/mes
Taller de 105 m ²	35,75 €/mes
Taller de 156 m ²	53,15 €/mes
Laboratorio de 63 m ²	21,45 €/mes
Laboratorio de 105 m ²	35,75 €/mes

9.- A expedición de tarxetas electrónicas emitidas polo CEI-NODUS terá un custe de 12 euros cada unha.

Os titulares de autorizacións administrativas pola utilización de locais recibirán como máximo e sen custe algúns dousas tarxetas electrónicas nominativas por local, pola expedición da terceira e seguintes tarxetas electrónicas, establecécese o pagamento de 12 euros por unidade.

10.- No caso de realización de actividades non recollidas nesta ordenanza, aplicarase como prezo o custo destas, que será previamente aprobado polo órgano competente.

ARTIGO 4º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Estará exenta do pago deste prezo público a estancia no semilleiro de empresas.

2. Asimesmo, exímese do pago do prezo público pola utilización de locais (despachos, obradoiros e laboratorios) ás empresas cualificadas como Iniciativas de Emprego de Base tecnolóxica (IEBT). A exención comprenderá un período de doce meses, podendo prorrogarse por outros doce meses se a IEBT acada os obxectivos fixados no Plan de Empresa avaliado polo CEI e supoñan cando menos a contratación dun titulado técnico ou superior a tempo completo sobre a contratación inicial.

3. Non serán esixibles as cotas polo uso das Salas e outros espazos comúns regulados no punto 2 do artigo anterior por parte das empresas instaladas no CEI-NODUS, por un máximo de ata tres días ó mes. A partires do cuarto día, aplicarase unha bonificación do 40% sobre a tarifa xeral establecida.

A utilización das salas e outros espazos comúns non devengará cantidade algúnhia sempre que o CEI-NODUS actúen como entidades coorganizadoras ou colaboradoras na promoción do acto ou evento que, revestindo de interese para as empresas, precise das referidas instalacións.

4. A utilización do equipamento informático, audiovisual e multimedia e dos servizos de telecomunicacións, referidos nos puntos 4 e 5 do artigo anterior, por parte das empresas instaladas no CEI-NODUS gozará dunha bonificación do 40% sobre a tarifa xeral establecida.

5. As empresas beneficiarias do servizo de domiciliación de empresas e as empresas que estiveron instaladas no CEI-NODUS que contaron no seu día cunha autorización administrativa de uso dun módulo, integrantes do viveiro virtual do CEI-NODUS, gozarán das exencións e bonificacións dispostas nos puntos 3 e 4 deste artigo 4º, equiparándose para estes efectos ás empresas instaladas no Centro.

As restantes empresas integrantes do viveiro virtual do CEI-NODUS, é dicir, as empresas constituídas ó abeiro do CEI-NODUS e outras empresas que dende o punto de vista das actuacións que desenvolvan, das súas finalidades e obxectivos, dos colectivos desfavorecidos ós cales se dirixan, do seu carácter social ou innovador, do desenvolvemento das novas tecnoloxías, ou do seu impacto no territorio en materias tales como creación de emprego ou de fomento da riqueza e do benestar ou calquera outra acción desenvolvida complementaria das anteriores, e sempre que así se estime pola Concellería de Economía, Emprendemento e Autónomos, non lles será esixible as cotas polo uso das Salas e outros espazos comúns, regulados no punto 2 do artigo 3º desta Ordenanza, por un máximo de ata

dous días ó mes. A partires do terceiro día, aplicarase unha bonificación do 20% sobre a tarifa xeral establecida. Ademais pola utilización do equipamento informático, audiovisual e multimedia e dos servizos de telecomunicacións, referidos nos puntos 4 e 5 do artigo 3º desta Ordenanza, as devanditas empresas gozarán dunha bonificación do 20% sobre a tarifa xeral establecida.

ARTIGO 5º. OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO

As liquidacións por este prezo público realizaranse mensualmente, facéndose efectivas ó vencemento de cada período, salvo que se trate de actos de disposición puntuais ou esporádicos por parte de entidades externas ó CEI-NODUS. Neste caso as liquidacións realizaranse con posterioridade ó acto de disposición.

A confirmación da reserva das Salas e outros espazos comúns do CEI-NODUS conleva a xeración de liquidación por importe do 20% do prezo público correspondente á reserva realizada, que o solicitante deberá aboar no caso de anulación da reserva ou de que non chegue a facer uso efectivo de ditas Salas e espazos.

ARTIGO 6º.

No caso de que o Concello de Lugo organice actividades ou accións formativas que teñan lugar nas instalacións do CEI-NODUS (xa sexan xornadas, seminarios, obradoiros, cursos, etc.) que polas súas características requirian o aboamento dunhas cotas de matrícula por parte das persoas interesadas en asistir á realización de ditos eventos, as ditas cotas quedarán determinadas mediante Decreto de Alcaldía emitido expresamente para o evento concreto.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 7 de novembro do 2005 e 7 de novembro do 2011, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comenzará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2012. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.